



PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID 19. COLEXIO DO PILAR- FOZ
INFORMACIÓN CURSO 2020-2021

Comezo da actividade lectiva (MES DE SETEMBRO)

- **10 setembro**: 4º e 5º de Infantil e 1º, 2º e 3º Primaria.
 - ✓ Horario 9:45 a 12:30 e 14:00 a 16:00 (Infantil).
 - ✓ Horario 9:45 a 13:00 e 14:20 a 16:10 (Primaria).

Haberá servizos de autobús e comedor.

- **11 setembro**: 6º de Infantil e 4º, 5º e 6º Primaria.
 - ✓ Horario 9:45 a 12:30 e 14:00 a 16:00 (Infantil).
 - ✓ Horario 9:45 a 13:00 e 14:20 a 16:15 (Primaria).

- **16 setembro**: 1º e 2º ESO.
 - ✓ Horario 9:45 a 14:15 (mércores e venres)
 - ✓ O resto do mes de setembro , luns/ martes/ xoves tamén de 15:30 a16:20.

- **17 setembro**: 3º ESO.
 - ✓ Horario 9:45 a 14:15 (mércores e venres)
 - ✓ O resto do mes de setembro , luns/ martes/ xoves tamén de 15:30 a16:20.

- **18 setembro**: 4º ESO. Horario 9:45 a 16:20.
 - ✓ Horario 9:45 a 14:15 e 15:30 a16:20.
 - ✓ As horas libres dependerán da asignatura que cada alumno elixise.



Servizo de madrugadores

- Comeza o luns 14 de setembro. Horario de chegada: de 8:00 a 9:00 h. Porta principal.
- Seguirase o protocolo ordinario, co engadido das prevencións en materia de consumo de alimentos. O alumnado a partir de 6 anos deberá utilizar obrigatoriamente a máscara, que será recomendable no caso de alumnado de Infantil, sempre que exista boa tolerancia.

Moi importante comunicar que alumnos van facer uso deste servizo habitualmente para facer os grupos pertinentes, para a asignación de espazos.

Entradas

O acceso ao colexio será entre as 9:30 e 9:40.

- Infantil: o alumnado de infantil, concentrarase no Pavillón. So unha persoa pode acompañar ata a porta do Pavillón a cada alumno. Dirixiranse ata o Pavillón pola entrada exterior directamente dende a rúa.

Estará habilitada cadansúa porta para cada curso.

- Primaria/ESO: accederán ao recinto escolar polo portón e pola porta peonil do patio. Unha vez no patio xa se lles indica a forma de entrar ás respectivas clases.
- Alumnado transportado. Primaria, 1º/3º/4º ESO baixarán en fronte ao portón do patio. Infantil e 2º ESO baixarán na zona de acceso ao pavillón.

IMPORTANTE: Está terminantemente prohibido o acceso ao recinto escolar de calquera acompañante.

CPR PLURILINGÜE NOSA SRA. DO PILAR- FOZ

Rúa Colexio do Pilar, 27- 27780 FOZ (Lugo)

Tel.: 982 140 196. FAX: 982 140 351

E- mail: colexiodopilar@colexiodopilarfoz.es, Web: www.colexiodopilarfoz.es



Saídas (pola tarde)

- Infantil: o alumnado de infantil, concentrarase de novo no Pavillón. So unha persoa pode entrar ata a porta do Pavillón para recoller a cada alumno. Dirixiranse ata o Pavillón pola entrada exterior directamente dende a rúa.

Estará habilitada cadansúa porta para cada curso.

- Alumnado con permiso para saír só. Marchará aos seus fogares utilizando a porta peonil do patio.
- Alumnado ao que as familias o recollan. As familias accederán ao patio polo portón do patio e agardarannos na zona habilitada para tal efecto.
- Alumnado transportado. Utilizará o antigo ximnasio

As saídas serán o máis escalonadas posibles, por niveles, e sempre gardando a distancia de seguridade, tanto familias como alumnos.

Saídas e entradas a mediodía

Unha vez comece a actividade lectiva e se saiba cantos alumnos van aos seus fogares a mediodía, informarase do procedemento de saídas e entradas.



Medidas xerais de protección individual.

- Uso obrigatorio da máscara a partir do 6 anos de idade.
- O alumnado a partir de infantil, o profesorado, así como o restante do persoal, teñen a obriga de usar máscaras durante TODA A XORNADA LECTIVA, en todos os espazos do centro educativo, aínda que se cumpra a distancia de seguridade.
- Será obriga do alumnado levar unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario.
- O incumprimento da obriga de uso da máscara, aos efectos previstos no Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro, entenderanse incluídas nos supostos do artigo 42 letras a), b) e d) e terán a consideración de “condutas leves contrarias á convivencia”.

Como de momento non se poden compartir nin billas, nin vasos..., o alumnado pode traer un botellín de auga con pechado fácil.

Actividades Extraescolares

En principio, e mentres a situación sanitaria continúe así non comezarán.

Comunicacións obrigatorias de sintomatoloxía

A medición de temperatura ou a avaliación de síntomas compatibles coa COVID-19 será realizada no seo da familia de forma diaria antes de acudir pola mañá ao centro escolar.

No caso de que se detectase sintomatoloxía compatible na casa, o alumnado non acudirá ao centro e a súa familia contactará inmediatamente co centro de saúde de referencia do alumno/a e con algunha das persoas membros do equipo COVID do Colexio.

Alumnado transportado.

Inicialmente poderán ser utilizadas todas as prazas coa obriga do emprego de máscara.

Os/As acompañantes velarán por que todos os ocupantes do vehículo leven posta a máscara durante todo o traxecto e que cada usuario/a ocupe o seu asento en todo momento.

Asignaranse asentos fixos ao alumnado para todo o curso escolar.

CPR PLURILINGÜE NOSA SRA. DO PILAR- FOZ

Rúa Colexio do Pilar, 27- 27780 FOZ (Lugo)

Tel.: 982 140 196. FAX: 982 140 351

E- mail: colexiodopilar@colexiodopilarfoz.es, Web: www.colexiodopilarfoz.es



Servizo de comedor

As medidas adoptadas no comedor para cumprir coa nova normativa serán as seguintes:

1.- Aumentar o número de quendas para reducir o aforo do comedor en cada momento da comida.

Así, as quendas serán segundo os niveis, Infantil/Primaria/Secundaria.

2.- Utilizar espazos colindantes ao comedor para que se cumpra a distancia.

Habilitouse para comedor o local contiguo a este.

3. Na medida do posible, o alumnado sentarase no comedor agrupado por aulas, de xeito que se manteña a continuidade do grupo de pertenza.

Patios e recreos

Modificouse o horario de recreos para que coincidan o menor número de alumnos en cada quenda e asigneuse a cada clase un espazo determinado.

Mandilón

5º/ 6º Infantil e 1º/2º/3º de Primaria, os días de uniforme traerán pola mañá e levarán posto pola tarde o mandilón.

Todas estas medidas non son máis que unhas breves pinceladas para que vostedes teñan unha pequena idea de como vai ser este comezo de curso.

Todas elas están recollidas nun amplo documento " PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID 19. COLEXIO DO PILAR- FOZ. CURSO 2020- 2021" que vostedes coñecerán na súa totalidade no momento do inicio das clases.

Non publicamos nestes momentos o documento porque dependendo da evolución da situación sanitaria esta sufrindo cambios continuamente e non queremos confundilos.

Xunto con este documento, coñecerán tamén o PLAN DE CONTINXENCIA, isto é, as previsión no caso de que a actividade lectiva tivese que ser non presencial.

CPR PLURILINGÜE NOSA SRA. DO PILAR- FOZ

Rúa Colexio do Pilar, 27- 27780 FOZ (Lugo)

Tel.: 982 140 196. FAX: 982 140 351

E- mail: colexiodopilar@colexiodopilarfoz.es, Web: www.colexiodopilarfoz.es



Somos conscientes que con esta información quedaránlles aínda moitas dúbidas en canto ao desenvolvemento do curso, pero dende aquí pedimos a maior tranquilidade e colaboración por parte de todos.

Pouco a pouco, a través dos titores correspondentes, o Equipo Directivo e resto de persoal, irán coñecendo pormenorizadamente todos os detalles dos cambios provocados por esta situación sanitaria.

Moito ánimo e reciban un cordial saúdo

O EQUIPO DIRECTIVO

CPR PLURILINGÜE NOSA SRA. DO PILAR- FOZ

Rúa Colexio do Pilar, 27- 27780 FOZ (Lugo)

Tel.: 982 140 196. FAX: 982 140 351

E- mail: colexiodopilar@colexiodopilarfoz.es, Web: www.colexiodopilarfoz.es